


## **MANIFESTO 25 NOVEMBRO 2019**

*“A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, entende por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relación de dominación dos homes sobre as mulleres que teñan ou poidan ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou privada”.*

María José, Sandra, Alba e María Elena, en Valga, e Mari Carmen en Vilalba, foron asasinadas este ano en Galicia. A elas hai que sumarlle, segundo cifras oficiais, 48 mulleres máis, vítimas da violencia machista. A rabia e o desconsolo fainos seguir avanzado nesta andaina, e empúrranos a vestir de negro como símbolo de loito, pero tamén de loita.

O asasinato é a última e máis extrema das violencias machistas, pero son moitas outras e de moi diferentes formas as que rodean e perseguen as mulleres: agresións sexuais, explotación sexual, acosos, transfobias, etc ; violencias que sofren cada día polo simple feito de seren mulleres. Nos últimos tempos atopámonos coa dobre agresión que sofren as vítimas de violación en grupo, e un sistema de protección penal que a miúdo non considera nos seus xustos termos a situación de indefensión ante os agresores.

Tendo en conta o Convenio de Estambul, ratificado por España en agosto do 2014, faise necesaria a inclusión e o recoñecemento como violencia de xénero na lexislación e na atención integral, de todos estes tipos de violencias machistas.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

POLÍTICAS DE IGUALDADE

Para afrontar todas estas violencias é preciso recoñecer as graves fendas de xénero existentes na nosa sociedade en todos os ámbitos. Cómpre atallar as causas estruturais e sociais que sustentan estas desigualdades a través de políticas reais para a promoción da igualdade e a prevención das violencias, contemplar recursos humanos e económicos para o seu correcto desenvolvemento no ámbito da xustiza, da sanidade, da administración e, sobre todo, da educación.

Por todo isto, desde o Concello de Santiago de Compostela, este 25 de novembro queremos reiterar o compromiso na loita pola erradicación das violencias contra todas as mulleres, e combatelas con todos os recursos dispoñibles; e incluír ás institucións, axentes sociais, medios de comunicación, comunidade educativa e á cidadanía en xeral neste compromiso e no rexeitamento á complicidade de quen acubilla e silencia estas violencias; recoñecendo a importancia do papel das entidades locais en tanto poderes públicos próximos ás realidades que viven as mulleres, nenos e nenas.

**CONTRA AS VIOLENCIAS, EDUCACIÓN!!!!!!!!!!**

**Concellaría de Políticas de Igualdade.**

\* Rúa Isaac Díaz Pardo, 2-4 \* 15705-Santiago de Compostela \* Tel.: 981 54 24 65 \* Fax: 981 54 24 69